

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6

SESION ORDINARIA DO 26 DE MARZO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Cotobad Tombo, Elías Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Garrido González, Alicia

Graña Barcia, María Luisa
Guerra Fernández, Javier Jorge
Losada Álvarez, Abel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Viéitez Alonso, Henrique

NON ASISTEN:

Iglesias Carrera, José Manuel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteseis de marzo do ano dous mil sete, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Cotobad Tombo, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Garrido González, Graña Barcia, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Losada Álvarez, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro (con atraso), Molares Pérez, Polo Lima, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido (con atraso), Soto Ferreiro, Toba Girón e Viéitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Iglesias Carrera. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e maillo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar los asuntos da orde do día.

- 1.- (27).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORD. 28.12.06 E EXT. URX. 18.01.07)

(Están ausentes o Sr. Iglesias Carrera e as Sras. Méndez Piñeiro e Sío Lourido).

Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións do Pleno da Corporación ordinaria do 28 de decembro de 2006 e extraordinaria e urxente do 18 de xaneiro de 2007.

- 2.- (28).- CONFORMIDADE Ó INFORME EMITIDO Ó PXOM DE GONDOMAR E REMISIÓN DO MESMO Ó DEVANDITO CONCELLO. EXPTE. 4738/401.

ANTECEDENTES.- Con data 09.03.07 o director da Área de Planeamento e Xestión mailo seu adxunto e a Arquitecta Municipal informan:

“Á vista da documentación presentada con data 15 de febreiro de 2007 polo Concello de Gondomar (nº documento 70021128, nº expte 4738/401), en cumprimento do art.85.2. da lei 9/2002, do 30 de decembro, (e reforma lei 15/2004) relativo ao trámite de audiencia aos municipios limítrofes tras a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Gondomar e tras o estudo das zonas en contacto co Termo Municipal de Vigo, esta oficina técnica informa:

1. Con respecto aos límites reflectidos na cartografía do PXOM de Gondomar aprobado inicialmente e os reflectidos na cartografía do PXOM de Vigo aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006, apréciase que coinciden practicamente en toda a súa lonxitude excepto en dúas zonas:

- a. Zona de Solo Rústico de Protección Forestal (idéntica clasificación en ambos documentos) na zona Oeste, Montes de Vincios e Montes de Valladares onde se aprecia unha pequena diferenza, xa que hai unha pequena franxa que aparece reflectida en ambas cartografías dentro de ambos términos municipais.
- b. Zona de Solo Rústico de Protección de Espazos Naturais (idéntica clasificación en ambos Plans Xerais) no extremo este, Monte do Galiñeiro, no que os límites non coinciden, aparecendo unha zona dentro do TM de Gondomar e tamén no de Vigo.

Conviría, aproveitando a tramitación dos dous PXOM, fixar límites coincidentes en ambas cartografías.

2. Con respecto á clasificación do solo nas zonas limítrofes co Concello de Vigo, en principio non se aprecian usos que condicionen ou alteren os previstos no PXOU vixente (ap. def. 23 de abril de 1993) nin no PXOM aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006. Sen embargo fanse as seguintes recomendacións:

- a. Na zona norte do solo clasificado como Solo Urbanizable Non Delimitado de uso Industrial, no PXOM de Gondomar, que é coincidente con solo Rústico de Protección de Masas Forestais poderíase incluír a recomendación, no caso de desenvolvemento deste solo, de situar nesta zona de contacto a cesión de zonas verdes, para que sirva de zona de transición entre as dúas clasificacións.
- b. Na zona clasificada como Solo Urbano Non Consolidado de uso Industrial de A Pasaxe, poderíase incluír na ficha correspondente a recomendación de situar as cesións de zonas verdes e espazos libres (ademais de preto ao curso de auga, como se di na ficha do SUNC) na zona norte en contacto cos solos de usos residenciais de Vigo. Débese ter en conta que nesta zona, no TM de Vigo existen dous depósitos arqueolóxicos (GA36057072 e GA36057073), e a zona de protección dun deles tamén se grafía nos planos do PXOM de Gondomar aprobado inicialmente (plano 1.2. do 1:5.000). Na ficha da APR A-6-32, PXOM de Vigo aprobado provisionalmente recóllese a recomendación de situar a cesión de zona verde e espazos libres na zona de respecto dos depósitos arqueolóxicos.

Achégase un cadro coas diferentes clasificacións no PXOM de Gondomar aprobado inicialmente, o PXOU de Vigo vixente (aprob. def. 23 de abril de 1993) e o PXOM de Vigo aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006.”

**CLASIFICACIÓN DOS SOLOS EN CONTACTO CO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO:
DE OESTE A ESTE:**

PXOM GONDOMAR APROBACIÓN INICIAL	PXOU VIGO VIXENTE Aprob. Def. 29/04/1993	PXOM VIGO Aprob. Prov. 19/05/2006
Montes de Vincios: S. Rústico de Protección Forestal Plano 1:5000: 1.1.	Montes de Valladares: SNU4 (solo non urbanizable de protección da paisaxe e masas forestais). Plano e 1:2.000: 15-1	Montes de Valladares: S. Rústico de Protección Forestal (SRPF) . Plano e 1:5.000 Nº20
Solo Urbanizable Non Delimitado de uso industrial . Plano 1:5000: 1.1. e 1.2.	SNU4 Plano e 1:2000: 16-1 e 16-2	SRPF Plano e 1:5.000 Nº20
Solo Urbano Non Consolidado de uso industrial . Recomendable: recoller na ficha zona verde cara o norte coincidente coas zonas proteccións arqueoló-	SNU4 Planos e 1:2.000: 16-2 e 17-2 .	Solo Urbano Non Consolidado de uso residencial: A-6-32 , na ficha recómendase a situación cesión z.v. na zona sur do ámbito. Zona protección arqueolóxica. Plano e 1:5.000 Nº 20

xicas e os solos con usos residenciais do TM. de Vigo. Plano 1:5000: 1.2.	SNUO Plano e 1:2.000: 17-2	Solo Urbano Consolidado, ordenanza 9 2ª, vivenda unifamiliar. Plano e 1:5.000 Nº 20
	Solo Urbanizable non delimitado: SUNP PAU 5 18 22 GARRIDA 4 B Plano e 1:2.000: 17-3	Solo urbanizable: S-67-I, uso industrial. Plano e 1:5.000 Nº 20 Solo Urbano Consolidado ord. 12 3ª, uso industrial. Plano e 1:5.000 Nº 20
Solo Rústico de Protección de Augas SRPA . Plano 1:5000: 1.2.	Solo Urbanizable non delimitado: SUNP PAU 5 18 22 GARRIDA 4 B Plano e 1:2.000: 17-3	Solo Urbano Consolidado ord. 12 3ª, uso industrial. Plano e 1:5.000 Nº 20
	Solo urbano consolidado ord. aplicación 3.1.A.a. Zonas Verdes e Libres	Rústico de Protección de Augas e Canles. RPAC Plano e 1:5.000 Nº 20
SRPA-SRPF . Plano 1:5000: 1.2.	SNU4 Plano e 1:2.000: 17-3	RPAC e RPF Plano e 1:5.000 Nº 20
AUTOPISTA AG-57 Plano 1:5000: 1.2.	Non se reflicte	AUTOPISTA AG-57 Plano e 1:5.000 Nº 20
Solo de Núcleo Rural. Extensión de Núcleo. Plano 1:5000: 1.2.	SNU4 Planos e 1:2.000: 18-3, 19-3, 19-4, 19-5, 19-6, 19-7, 19-8, 20-8 e 20-9	Rústico de Protección de Espazos Naturais Planos e 1:5.000 Nº 20 e Nº 22
SRPF Plano 1:5000: 1.2.		
SRPEN Plano 1:5000: 1.2. e 1.4.		

O Concello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15 de marzo de 2007, acorda propoñer ó Pleno da Corporación que preste a súa conformidade ó devandito informe.

(Están ausentes o Sr. Iglesias Carrera e as Sras. Méndez Piñeiro e Sío Lourido)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Prestar conformidade ó informe transcrito nos antecedentes deste acordo e remitilo ó Concello de Gondomar.

Neste intre se incorpora á sesión a concelleira Sra. Sío Lourido.

3.- (29).- DAR CONTA DA MEMORIA DO TRIBUNAL
ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO REFERENTE Ó
ANO 2006.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de marzo de 2007, o presidente do Tribunal Económico-Administrativo deste Concello presenta a seguinte memoria correspondente ó ano 2006:

“A Disposición adicional terceira do Regulamento do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (RTEACV), aprobado por acordo do Pleno do Concello en sesión do 14 de xuño de 2004, dispón que “O Presidente do Tribunal, dentro do primeiro trimestre de cada ano, comparecerá ante a comisión informativa competente en materia de Economía e Facenda ó obxecto de presentar e expoñer unha Memoria anual das actividades do Tribunal da que se dará conta ó Pleno”.

En cumprimento do disposto na devandita Disposición adicional elaborouse a presente Memoria correspondente ó ano 2006, en base ós datos que obran nos arquivos do Tribunal.

Despois dun ano de funcionamento e unha vez resoltas as cuestións organizativas, aínda que está pendente de incorporación unha administrativa para as tarefas da secretaría, o Tribunal tense consolidado como órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas, tal e como se reflicte nos datos estadísticos que máis abaixo se indican, relativos ás seguintes funcións da competencia do Tribunal:

- a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal. A competencia sobre os ingresos de dereito público de natureza non tributaria límitase ós actos ditados na vía executiva.
- b) O ditame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.
- c) A elaboración de estudos e propostas nesta materia, no caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria.

O Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo ten sido un dos primeiros que entrou en funcionamento en España, polo que foron frecuentes durante o pasado ano as consultas doutros Concellos interesándose pola composición e o funcionamento do noso Tribunal, así como pola experiencia adquirida.

O Regulamento do noso Tribunal (art. 3º.7) establece que este “funcionará en sala única composta polo Presidente, o Vocal e o Secretario. Tamén actuará de forma unipersoal a través do Presidente, do Secretario e do Vocal, nos casos previstos na normativa reguladora das reclamacións económico-administrativas e cando a contía da reclamación sexa inferior á 10.000 euros”. Esta contía, seguindo o criterio doutros Tribunais, posto de manifesto no “*Segundo encuentro de Organos para la Resolución de*

Reclamaciones Económico-Administrativas”, recentemente realizado nas Palmas e a experiencia adquirida polo noso Tribunal, aconsellan reducir, cando menos á metade, a devandita contía, o que require a modificación neste senso do noso Regulamento.

Esta modificación regulamentaria, entendo que pode demorarse, xa que proximamente se aprobará, segundo se informou no citado Segundo Encontro, unha nova lei sobre o réxime local que afectaría extensamente ó Título X da vixente Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, relativo ó réxime de organización dos municipios de grande poboación, no que se encadra e regula o órgano para a resolución das reclamación económica-administrativas.

DATOS ESTADÍSTICOS

1.- RECLAMACIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS

	2005	2006
A) Reclamacións:		
Presentadas	173	488
Finalizadas	142	429
Pendientes	31	90
B) Asuntos de Sala:	92	11
Finalizados	83	7
Pendientes	9	13
C) Asuntos de Órganos		
Unipersoais	81	477
Finalizados	59	422
Pendientes	22	77
D) Acordos adoptados		
Reclamacións	142	417
Suspensións	42	20
Recursos anulación	1	9
Solicitudes revogación	0	17
Cuestións incidentais	0	1
Rectificacións erros	0	3
E) Tributos e ingresos de dereito público reclamados		
Exaccións Unificadas de Industriais (EUI)		7
Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)		13
Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI)		11
IIVTNU (Plus valía)		11
IVTM (Imposto circulación)		9
Multas e sancións en executiva		408
Sancións tributarias		7
Taxas pola prestacións de servizos		6
Taxas pola ocupación da vía pública		2

Intereses de demora	1
F) Recursos contencioso-administrativos	
Presentados	10
Sentenzas confirmando teses Tribunal	3
Sentenzas pendentes	7

2.- DITAMES SOBRE PROXECTOS DE ORDENANZAS FISCAIS.

Cumprimentando o disposto nos artigos 137-1-b da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 2º-b do RTEACV, o Tribunal, en sesión extraordinaria do día 6 de setembro de 2006, emitiu ditame favorable á proposta de modificación das 25 Ordenanzas fiscais que se aprobaron polo Pleno do Concello en sesión do 28 de decembro de 2006.

3.- ESTUDOS E PROPOSTAS EN MATERIA TRIBUTARIA.

A petición do Concelleiro de Economía e Facenda, o Tribunal emitiu ditame sobre a tributación dos caixeiros automáticos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de marzo de 2007, quedou enterada do contido do anterior.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal.

4.- (30).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 36/07. SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA INCREMENTAR A PARTIDA 2221624000 “FLOTA DE VEHÍCULOS”. EXPTE. 676/213,

ANTECEDENTES.- Por petición do xefe do Servizo de Bombeiros, para adquisición dunha auto-bomba forestal pesada e un vehículo de altura , con data 12 de febreiro de 2007, a Alcaldía-presidencia ordena a iniciación de expediente de modificación de crédito mediante suplemento de crédito co fin de incrementar a partida “Flota de Vehículos”.

Con data 6 de marzo, o interventor xeral informa do que segue:

“A devandita modificación implica, conforme ó estipulado polo artigo 177 do Texto refundido da lei 39/1988, Reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL

2/2004, a aprobación dun expediente de suplemento de crédito, xa que o crédito existente non é suficiente, tal e como figura no informe de data 12 do mes que andamos.

O financiamento farase con cargo á partida que figura no referido decreto e que pretende ó mesmo departamento de Bombeiros que, no caso que nos ocupa, se pode prescindir dela.

Este expediente, previo ditame da comisión informativa de Economía e Facenda, someterase segundo o preceptuado polo citado artigo 177 a aprobación plenaria, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do citado texto refundido.

<u>PARTIDA</u>	<u>APLICACIÓN</u> <u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2221.6240000	Flota de vehículos	100.000

<u>PARTIDA</u>	<u>ORIXE</u> <u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
2221.6260000	Sistema comunicacións	100.000

A presente modificación do orzamento, por un importe total de 100.000 euros, infórmase favorablemente por esta Intervención Xeral, ó se axustar a mesma á normativa legal esixible a este tipo de expediente.”

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, con data 6 de marzo, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de marzo, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes o Sr. iglesias Carrera e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con once votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, e catorce abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Cotobad Tombo, Fernández Fernández, Garrido González, Graña Barcia, Losada Alvarez, Martíns Vilanova, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e Viéitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria núm. 36/07, relativa ó gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 100.000 €.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Texto refundido da Lei 39/88, Reguladora das facendas locais.

Neste intre se incorpora á sesión a concelleira Sra. Méndez Piñeiro.

5.- (31).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS. CASA DE ACOLLIDA E SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA. PLAN CONCERTADO 2007. EXPTE. 2797-224.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 19 de febreiro de 2007, adoptou o seguinte acordo:

"34(195).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA DA CONVOCATORIA DE "AXUDAS PARA O FINANCIAMENTO TOTAL OU PARCIAL DO MANTEMENTO E REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E INVESTIMENTOS DESTINADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS". EXPTE. 2797/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 15.02.07, conformado pola concelleira da Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da orde do 31 de xaneiro de 2007, da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 27, do 7 de febreiro de 2007, polo que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, por un importe de 339.517,03 euros, desglosado do seguinte xeito:

Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller). Gastos de persoal 126.444,37

Casa de Acollida e piso tutelado para mulleres maltratadas. Gastos de persoal e mantemento 201.006,00

Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida 12.066,66

TOTAL: 339.517,03 euros

2º.- *Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.*"

Igualmente a Xunta de Goberno Local, en sesión do 26 de febreiro, adoptou o seguinte acordo:

17(236).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DE IGUALDADE E BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DO PROGRAMA "SERVIZO DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA". EXPTE. 2797/224.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, do 20.02.07, conformado pola concelleira de Muller, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- *Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da orde do 31 de xaneiro de 2007, da Vicepresidencia de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia, publicada no DOG núm. 27, do 7 de febreiro de 2007, polo que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, para o programa específico de muller: "Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia", por un importe de 129.431 €.*

2º.- *Dar conta da presente solicitude de subvención ao Pleno da Corporación Municipal.*"

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 19 de marzo, quedou enterrada do contido dos anteriores acordos.

De todo o anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal.

6.- (32).- DAR CONTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE DO BENESTAR SOCIAL PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS. EXPTE. 20402/301.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 5 marzo de 2007, adoptou o seguinte acordo:

87(378).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 20402/301.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social do Servizo de Benestar Social, do 21.02.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ao abeiro e de conformidade coa Orde do 7 de febreiro de 2007 para a prestación de servizos sociais polo Concello de Vigo ao longo do ano 2007, o importe do cal ascende a un total de 19.578.647,48 €, dos cales a achega municipal será de 6.558.681,00 € e a subvención que se solicita de 13.019.966,39 €.

Do importe total 15.264.710,32 € corresponden ao compromiso e á vontade da colaboración da Corporación nos investimentos proxectados que se relacionan a continuación:

- Tres Centros Socio-Comunitarios en A Bouza, Alcabre e Rúa Romil.
- Un Centro de Día en COIA
- Unha Residencia para maiores en el PAU DE Navia
- Acondicionamento da futura UBAS de Coia

sendo a achega municipal 5.113.677,96 € e correspondendo á subvención solicitada 10.151.032,00 €.

Así mesmo estarán destinados a proxectos de desenvolvemento do pobo xitano 99.488,00 € dos que 33.162,57 € corresponden á achega municipal e 66.325,34 á subvención solicitada.

Deste acordo darase conta ao Pleno da Excm. Corporación Municipal, de acordo co artigo 10º da Orde citada"

A comisión informativa Asuntos Sociais, en sesión do 19 de marzo, quedou enterrada do contido dos anteriores acordos.

De todo o anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia doméstica.

7.- (33).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOLICITANDO MELLORA DOS ACCESOS Á ZONA DO CENTRO SOCIAL DE COIA.

ANTECEDENTES. Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de marzo de 2007, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“O Pavillón Polideportivo de Coia ten un acceso peonil aceptábel dende a Avenida de Castelao, mais ese acceso ten unha continuación infame polas beiras do tal Pavillón cara á súa parte posterior, onde está o Centro Social e unha zona importante de vivendas.

Ademais, nos laterais dese Pavillón non hai iluminación ningunha, co que logo de anoitecer os usuarios do Centro Social e mailos veciños da zona teñen medo a iren por alí.

A situación merece un arranxo inmediato, máis aínda tendo en conta que todas as persoas teñen un acceso moi deficiente, pero ás que van en cadeiras de rodas o acceso élles imposíbel.

E xa de paso cumpriría solucionar o problema cada vez que chove con certa intensidade pois no lateral do Pavillón fórmase unha indesexábel piscina...

Consonte co antedito propoñemos:

- 1.- Que de maneira urxente se proceda a reconstruír e ensanchar a beirarrúa que hai pola parte esquerda do Pavillón Polideportivo de Coia.
- 2.- Que se instalen nese mesmo lateral dese Pavillón dous puntos de luz.
- 3.- Que se resolvan os charcos que se dan no lateral do mesmo Pavillón.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de marzo, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar e con independencia de como fose a súa Presidencia, quérolle pedir desculpas pola miña agre intervención do outro día e, como me fixeron comentarios que realmente non cadran porque parece que se traducía da miña intervención algún tipo de desprezo ou falla de aprecio pola Presidencia, deixar claro que non hai tal, dígollo publicamente. Eu respéctoa, é a alcaldesa de Vigo porque así o quixeron os vigueses antes e a

Corporación viguesa logo e namentres vostede estea nese cargo contará absolutamente co meu respecto coma alcaldesa, independentemente de calquera outra consideración e independentemente da consideración que me poida mover a pensar se o fai ben, mal ou regular. Penso que o outro día non o fixo ben pero iso de ningún modo pode permitir que eu tivese con respecto a vostede a intervención que tiven.

Falando do fondo do tema coido que se xustifica por si mesmo. O outro día estiven no centro social de Coia, falei con persoas da terceira idade, con algún discapacitado físico que anda en cadeira de rodas e que lle é absolutamente imposible ter acceso dende a zona central, por onde accede case todo o mundo que pode aínda que, iso si, as veces esvarando nunha beirarrúa estragada, rota pola parte de arriba senón inexistente, nun carreiro moi pequeno pola parte de abaixo do pavillón segundo se mira.

É relativamente fácil a solución que lles propoño, xa non lle pido que arranxen os dous accesos do pavillón que sería o ideal, pero cando menos e de xeito urxente o acceso da parte de arriba, que é o máis utilizado, si debera ser arranxado.

Pídlle que se arranxen as beirarrúas que hai, que se amplíen aproximadamente nun metro para que por exemplo poidan pasar as cadeiras de rodas e se poidan cruzar cun veciño e que se instalen dous puntos de luz no lateral do pavillón. Alí non hai absolutamente ningunha luz e polas noites as xentes confesáronme que teñen medo de andar por alí.

Por último hai un tema á parte pero me comentaron que se producen uns charcos moi grandes nese lateral do pavillón e non cunha chuvía torrencial, senón xa mediana, polo tanto alí debe haber un problema de sumidoiros que tamén deberan mirar.

Son cousas sinxelas pero que axudan a mellorar a vida dos cidadáns cando se lle resolven a tempo e en forma.

(Están ausentes os Sres. Iglesias Carrera e Ruiz Cenicerós)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, instando o arranxo dos accesos á zona do Centro Social de Coia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

8.- (34).- ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DA CONCELLEIRA SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVA OS BANCOS DA PRAZA DA MIÑOCA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Este rogo é para que se arranxen os bancos que están situados na praza da Miñooca porque as persoas maiores que van por alí quíxanse de que se puxeron bancos pero non teñen respaldo, só o teñen tres en toda a praza. Piden que se lles poña porque á xente maior lles é moito máis doado sentarse. Pregaría que así se fixese.

* PREGUNTAS DO CONCELLEIRO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, RELATIVAS A DIFERENTES OBRAS OU REPARACIÓNS PENDENTES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 23 de marzo de 2007, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula as seguintes preguntas:

“En nome e representación do Grupo Municipal do BNG, o concelleiro Amador Fernández Fernández ten asumido como propios os acordos que en distintos Plenos se teñen tomado por unanimidade e por isto en cada Pleno ordinario fareille cando menos o recordatorio do seu pasar, sen solucionar ou reparar o que di que fai facer pero que non fai; o seu apropiarse do traballo dos demais de xeito descarado, anunciar e inaugurar obras de xeito partidario sen contar (ata hoxe) co resto da Corporación (como a rúa Cruz Branca, proposta polo BNG por medio de moción con orzamento e proxecto) e, por isto, formulo e presento por escrito as seguintes preguntas para que sexan contestadas no próximo Pleno ordinario do mes de marzo do ano que andamos.

1.- Cando van arranxar a focha do cruzamento das rúas Pontevedra-Areal?

2.- Ten vostede intención de mandar xa reparar as rúas Palencia, Sagunto, Valladolid, Jesús Fernández, Estremadura, León, Andalucía... e resto do Calvario, que non teñen nin orzamento nin posibilidade inmediata de reforma, pois en case catro anos do seu mandato só fixo a rúa Cruz Branca, que quedou pendente da lexislatura anterior?

3.- Ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Toledo, xardíns e zonas do contorno do Instituto Castelao?

4.- Ten vostede información de cando se inician as obras das rúas Gandarón, Severino Cobas e Manuel Alvarez?

5.- Cando entra en funcionamento o aliviadoiro da rúa Colón e deixamos de padecer inundacións?

6.- Canto tempo ten que pasar para rematar as obras da praza do Rei?"

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Voullas ler máis que nada porque algunhas delas son repetidas de anteriores. Unha delas é sobre unha focha que se está a producir na rúa Pontevedra con Areal, eu paso por alí todos os días e é terrible porque coido que cada día debe baixar un centímetro.

A segunda é se ten intención de rematar as rúas Palencia, Sagunto, Valladolid, Jesús Fernández... Na visita que fixo o outro día para inaugurar as obras da Cruz Branca anunciou que hai uns proxectos pero as obras son de necesidade, xa o repetimos ó longo de todo o ano pasado e parte deste. O estado do firme é terrible e nalgúns caso hai problemas ata para circular.

Se ten vostede coñecemento do lamentable estado das beirarrúas da rúa Toledo e do contorno do Instituto do Calvario, na parte da igrexa, porque aquilo é terceiromundista. Se é posible ter información de cando se iniciarán as obras das rúas de Gandarón, Severino Cobas e Manuel Alvarez; sabe que quedaron sen facer e aí están, como ninguén fala delas a min quédame a obriga como político do lembrar.

Cando entra realmente en funcionamento o aliviadoiro da rúa Colón. Na última tromba de auga de hai quince días un pouco antes das oito da mañá, era realmente penoso como a xente estaba a sufrir, exactamente igual que sempre. Dígollo porque eu mirei as obras, seguinas, coido que están practicamente feitas pero o que fai falla é que funcionen.

Canto tempo ten que pasar para que se rematen as obras da Praza do Rei. Dígollo porque vexo que pasan os días, alí non hai ninguén e todos temos que padecer esa saída e esa situación. Prometerame que se ía facer todo pero se a primeira fase non se remata maximo que o resto será noutra lexislatura.

* ROGO DO SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ PARA QUE SE CONVOQUE URXENTEMENTE A COMISIÓN MUNICIPAL DE SEGUIMIENTO VIGO 2005.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: No Pleno do 28 de novembro de 2005, hai máis dun ano, por unanimidade acordouse aprobar nunha moción un punto que facía referencia á necesaria convocatoria da comisión municipal de seguimento Vigo 2005 para que se produza un balance de rendición de contas que contemple, entre outros aspectos, os investimentos urbanos e deportivos, así como a xestión e repercusión nos "*mass media*".

Non se fixo tal xuntanza. O Grupo municipal Socialista ten requirido á Sra. Alcaldesa en dúas ocasións que se nos informara. Nunha ocasión do convenio e do financiamento das actividades relacionadas coa Volvo Ocean Race por parte da promotora ING, e en posterior ocasión, unha vez recibido o convenio, cando nos damos de conta de que non se nos fai detalle de ningún custo das actividades que foron patrocinadas pola devandita promotora.

Tendo en conta que no convenio, que como describe o secretario é totalmente atípico, aporta esa promotora unha cantidade indefinida entre medio millón e un millón e medio, diferencia moi notable, coido que é absolutamente crucial que os grupos municipais teñan información detallada de todas as achegas da citada promotora, todas as facturas detalladas para que ademais poidamos cumprir o mandato plenario.

Xa sei que estamos acostumbrados a que os acordos plenarios non se leven á práctica por parte do Grupo do Goberno pero cremos que esta cuestión é o suficientemente importante como para que dunha vez por todas teñamos toda a información e poidamos contrastala

Por iso prégole, Sra. Alcaldesa, que a máis de dar a información, convoque coa maior urxencia á comisión municipal de seguimento Vigo 2005 para que se poida ter ese balance-rendición de contas que se acordou no Pleno.

* ROGO DA SRA. SÍO LOURIDO DE SUPRIMIR APARCADOIROS EN AMBOS LADOS DOS PASOS DE PEÓNS.

SRA. SÍO LOURIDO: Un rogo que ten que ver con algo que sempre penso cando me paro nun paso de peóns. Diríxoo a Tráfico para que se estude a posibilidade de que

nos aparcadoiros en ambos lados dos pasos de peóns, se elimine unha praza ou praza e media e así deixar unha distancia prudencial para que os condutores dos vehículos poidamos ver os peóns cando crucen. Coido que se pode estudar porque a creo importante para a seguridade.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO SR. ALONSO VÁZQUEZ, DO GRUPO MUNICIPAL DO PG, RELATIVA Á RESPOSTA DA AUTORIDADE PORTUARIA SOBRE GASTOS DE REPRESENTACIÓN.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Días atrás lin na prensa de que no Parlamento responderan á pregunta que eu fixen sobre canto gastara D. Abel Caballero na Autoridade Portuaria e gustaríame saber se a vostede, membro do Consello de Administración do Porto, non se lle respondeu como alcaldesa desta cidade. É un tema que persoalmente me interesa moito saber o que gastou ese señor en propaganda porque é o único que fai. Antes de marchar de aquí gustaríame ter esa resposta. Se o contestan no Parlamento, por que non llo fan a vostede como membro do Consello de Administración?

A PRESIDENCIA: Non recibín ningunha resposta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e vintecinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 26 de marzo de 2007. Consta de 9 folios da serie A numerados do 1593454 ó 1593462, e números do 152 ó 160 Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2007.

Vigo, a 30 de abril de 2007
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda